# PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

| NUMERO EXPEDIENTE | 2024002867 |
|---|---|
| ASUNTO | INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AUDITORÍA EXTERNA DO CONTROLADOR DE PRIMEIRO NIVEL DOS PROXECTOS BIOCOSTEIRO (0141_BIOCOSTEIRO_1_E ) E C2 AXENDA 2030 LOCAL (0020_C2_AGENDA_2030_LOCAL_6_E) DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA ESPAÑA – PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027 E BEAP-MAR (EAPA_0032/2022), DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN TRANSNACIONAL ESPAZO ATLÁNTICO 2021-2027 |
| TRÁMITE | Incoación do expediente |

Os Deputados Delegados de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital e Cooperación Local, Dª. María Ramallo Vázquez, Medio Ambiente e Mar, D. Marcos Guisasola Padín e Reto Demográfico, Acción Comunitaria e Equipamentos Públicos e Estación Fitopatolóxica de Areeiro, Javier Tourís Romero , en virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de contratación, ditan a seguinte PROVIDENCIA

O art. 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP

| 1. NECESIDADE E IDONEIDADE* |
|---|
| Entre os obxectivos da política rexional da Unión Europea, destaca o de Cooperación Territorial Europea. Dentro deste obxectivo están o Programa de Cooperación Interreg VI A España – Portugal 2021-2027 (POCTEP) e o Programa INTERREG ESPAZO ATLÁNTICO 2021 – 2027, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), que pretende promover a cohesión económica e social na Unión Europea co fin de corrixir os desequilibrios entre as súas rexións e mellorar o nivel de vida nas rexións menos favorecidas.<br><br>A Deputación de Pontevedra, participa como Beneficiaria Principal (BP) das axudas concedidas aos proxectos BIOCOSTEIRO e C2 AXENDA 2030 LOCAL do POCTEP e como beneficiario socio no BEAP-MAR do Espazo Atlántico. A Deputación de Pontevedra, para poder iniciar os trámites para a validación dos gastos e obter o reembolso dos subvencionables dos citados proxectos, debe solicitar á Dirección Xeral de Fondos Europeos (DGFE) do Ministerio de Facenda a designación dun controlador de primeiro |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QG7Q6DXH2OQQ3GSN

nivel, que será o responsable de realizar as verificacións establecidas no artigo 74.1.a de o Regulamento (UE) nº 2021/1060 e artigo 46 do Regulamento (UE) nº 2021/1059.

Tendo en conta que a autoridade responsable da validación do gasto do proxecto por parte da Deputación de Pontevedra é a Administración Xeral do Estado (AGE), a través da Dirección Xeral de Fondos Europeos (DGFE) do Ministerio de Facenda e en concordancia coa normativa establecida para a validación do gasto dos beneficiarios dependentes da Administración Xeral do Estado pola que o gasto debe ser previamente verificado por un controlador de primeiro nivel, procede que a Deputación de Pontevedra, como beneficiario socio dos proxectos europeos mencionado, proceda á contratación dunha asistencia técnica para a prestación do servizo de auditoría de control de primeiro nivel e coa súa execución realice a proposta de primeiro nivel á Autoridade responsable da validación do gasto.

No caso de que o adxudicatario non fose aprobado pola Autoridade responsable da validación do gasto, decaerá e quedará sen validez a adxudicación. Neste caso, seleccionarase ao seguinte licitador que obtivese mellor valoración de acordo á orde descendente en que quedasen clasificadas as ofertas, seguindo os trámites legais establecidos na LCSP.

Os proxectos do Programa Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027 e o Programa INTERREG ESPAZO ATLÁNTICO 2021 – 2027, que precisan da figura do auditor externo como Controlador de Primeiro Nivel son:

| | |
|---|---|
| PROGRAMA | Programa de Cooperación Transfronteiriza España - Portugal 2021-2027 (3ª convocatoria) |
| PROXECTO | Conservación da biodiversidade en hábitats costeiros galaicoportugueses Natura 2000 (BIOCOSTEIRO) |
| CÓDIGO DO PROXECTO | 0141_BIOCOSTEIRO_1_E |
| SERVIZO XESTOR DEPO | Medio ambiente |
| Nº EXPEDIENTE CIVIDAS | 2023009411 |
| COSTE TOTAL ELIXIBLE Deputación Pontevedra | 363.700,88 € |
| DATA FIN PERIODO EXECUCIÓN | 30/09/2026 |
| DURACIÓN MESES | 36 |

| | |
|---|---|
| PROGRAMA | Programa de Cooperación Transfronteriza España - Portugal 2021-2027 (2ª Convocatoria) |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QG7Q6DXH2OQQ3GSN

| | |
|---|---|
| PROXECTO | C2 AXENDA 2030 LOCAL - xeración de capacidades para posibilitar a localización da axenda 2030 nos pequenos municipios rurais desde a colaboración transfronteiriza |
| CÓDIGO DO PROXECTO | 0020_C2_AGENDA_2030_LOCAL_6_E |
| SERVIZO XESTOR DEPO | Cooperación (Oficina Proxectos Europeos) |
| Nº EXPEDIENTE CIVIDAS | 2023005423 |
| COSTE TOTAL ELIXIBLE Deputación Pontevedra | 316.034,27 € |
| DATA FIN PERIODO EXECUCIÓN | 30/09/2025 |
| DURACIÓN MESES | 27 |

| | |
|---|---|
| PROGRAMA | Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027 |
| PROXECTO | Blue Bioeconomy in the Atlantic Area: New Products from Marine Organisms (BEAP-MAR) |
| CÓDIGO DO PROXECTO | EAPA_0032/2022 - BEAP-MAR |
| SERVIZO XESTOR DEPO | E.F. Areeiro |
| Nº EXPEDIENTE CIVIDAS | 2023007187 |
| COSTE TOTAL ELIXIBLE Deputación Pontevedra | 164.315,41 € |
| DATA FIN PERIODO EXECUCIÓN | 31/12/2026 |
| DURACIÓN MESES | 36 |

Por todo anterior, en cumprimento do disposto no artigo 28 da LCSP, faise constar a idoneidade do seu obxecto e contido proxectado para satisfacer estas necesidades sendo necesario, por tanto, a tramitación do correspondente expediente de contratación para a contratación do servizo de auditoría externa para controlador de primeiro nivel e seguimento financeiro como auditor externo dos proxectos mencionados.

COMPETENCIA QUE SE EXERCE OU FIN INSTITUCIONAL PROPIO

Dentro das competencias que confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime local ás Deputacións provinciais está, segundo o art. 36.1.d); a "cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais AAPP neste ámbito".

Neste marco competencial e en base ás axudas do Programa de Cooperación Interreg VI A España – Portugal 2021-2027 (POCTEP) aprobado pola Comisión Europea mediante a Decisión C (2022) 6125 de 22/08/2022 presentouse á 2ª convocatoria á candidatura denominada "C2 AXENDA 2030 LOCAL - xeración de capacidades para posibilitar a



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QG7Q6DXH2OQQ3GSN

| |
|---|
| localización da axenda 2030 nos pequenos municipios rurais desde a colaboración transfronteiriza” e a 3ª convocatoria a candidatura denominada “BIOCOSTEIRO-Conservación da biodiversidade en hábitats costeiros galaicoportugueses Natura 2000” e o Programa INTERREG ESPAZO ATLÁNTICO 2021 – 2027 aprobado pola Comisión Europea o 8 de setembro de 2022 presentouse a 1ª convocatoria a candidatura denominada “BEAP-MAR - Blue Bioeconomy in the Atlantic Area: New Products from Marine Organisms”, todos eles cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).<br><br>INSUFICIENCIA DE MEDIOS:<br>Os traballos a realizar obxecto do contrato son necesarios para a validación do gasto que se realice no marco dos citados proxectos europeos, e estes deben ser realizados por un controlador de primeiro nivel de acordo á normativa establecida para a validación do gasto dos beneficiarios dependentes da AGE e, en concreto, da DXFC do Ministerio de Facenda de España.<br><br>Polo tanto, aínda que os diferentes servizos responsables dos proxectos dispuxeran dos medios materiais e humanos, estes non poderían executar os traballos dado que a normativa establecida require que sexa mediante auditoría externa. Así, o beneficio de acudir a unha contratación externa responde a propia natureza do contrato e cumprimento da normativa do FEDER no marco do Programa de Cooperación Territorial Europea (INTERREG). |

| 2. SERVIZO SOLICITANTE*: | |
|---|---|
| Servizo de Medio Ambiente | |
| Responsable no Lote 1, contrato do proxecto BIOCOSTEIRO: | Concepción López Paz, xefatura do Servizo de Medio Ambiente |
| Responsable no Lote 1 da Administración do proxecto BIOCOSTEIRO: | Concepción López Paz, xefatura do Servizo de Medio Ambiente |
| Servizo de Cooperación | |
| Responsable no Lote 2, contrato do proxecto C2 AXENDA 2030 LOCAL: | Marina Piñeiro Novo, xefa de servicio de Cooperación |
| Responsable do Lote 2 da Administración do proxecto C2 AXENDA 2030 LOCAL: | Marina Piñeiro Novo, xefa de servicio de Cooperación |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QG7Q6DXH2OQQ3GSN

| | |
|---|---|
| Estación Fitopatolóxica Areeiro | |
| Responsable no lote 3, contrato do proxecto BEAP-MAR: | Olga Aguín Casal, xefa do sección de Bioloxía Molecular da Estación Fitopatolóxica Areeiro |
| Responsable do Lote 3 da Administración do proxecto BEAP-MAR: | Olga Aguín Casal, xefa do sección de Bioloxía Molecular da Estación Fitopatolóxica Areeiro |

## 3. OBXECTO DE CONTRATACIÓN E DIVISIÓN EN LOTES*:

| | |
|---|---|
| Denominación do contrato: | Contratación do servizo de auditoría externa do controlador de primeiro nivel dos proxectos BIOCOSTEIRO (0141_BIOCOSTEIRO_1_E ) e C2 AXENDA 2030 LOCAL (0020_C2_AGENDA_2030_LOCAL_6_E) do Programa de Cooperación Transfronteiriza España – Portugal (POCTEP) 2021-2027 e BEAP-MAR (EAPA_0032/2022), do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027. |
| Obxecto e contido: | O obxecto é prestación do servizo de auditoría externa, como controlador de primeiro nivel, para a realización das verificacións previstas no artigo 74.1.a do Regulamento (UE) 2021/1060 e no artigo 46 apartados 3 a 9 do Regulamento (UE) 2021/1059 do Parlamento Europeo e do Consello, relativas as operacións de execución das distintas actividades dos proxectos: BIOCOSTEIRO, C2 AXENDA 2030 LOCAL e BEAP-MAR.<br><br>A contratación fracciónase nos lotes que se detallan a continuación, constituíndo o obxecto de cada lote unha unidade funcional susceptible de realización independente. |

| Lote | Concepto | Número máximo de auditorías |
|---|---|---|
| 1 | "BIOCOSTEIRO - Conservación da biodiversidade en hábitats costeiros galaicoportugueses Natura 2000 para promover e lograr un desenvolvemento equilibrade e sostible das economías locais, (0141_BIOCOSTEIRO_1_E)". | 5 |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QG7Q6DXH2OQQ3GSN

| | | |
|---|---|---|
| 2 | "C2 AXENDA 2030 LOCAL - Xeración de capacidades para posibilitar a localización da axenda 2030 nos pequenos municipios rurais desde a colaboración transfronteiriza, (0020_C2_AGENDA_2030_LOCAL_6_E)". | 4 |
| 3 | "BEAP-MAR - Blue Bioeconomy in the Atlantic Area: New Products from Marine Organisms, (EAPA_0032/2022)". | 5 |

De conformidade coa normativa aplicable, para a validación dos gastos incorridos no proxecto e financiados con fondos europeos, é necesario que con carácter previo os citados gastos sexan verificados por un controlador de primeiro nivel. O controlador de primeiro nivel será un auditor autorizado polo Organismo intermedio responsable da validación do gasto que será a Administración Xeral do Estado (AGE), e en concreto, pola Dirección Xeral de Fondos Europeos (DGFE) do Ministerio de Facenda a través do sistema de designación proposto pola mesma.

Polo que, no caso de que o adxudicatario non fose aprobado pola Autoridade responsable da validación do gasto, decaerá e quedará sen validez a adxudicación. Neste caso, seleccionarase ao seguinte licitador que obtivese mellor valoración de acordo á orde descendente en que quedasen clasificadas as ofertas, seguindo os trámites legais establecidos na LCSP.

A execución do obxecto do contrato deberá adecuarse ás guías de xestión e as instrucións para a realización das verificacións que estableza o Programa Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027 e a "Methodology for risk based management verifications in 2021/2027" do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027, ademais de que o propio PPT establece a base legal que é de obrigado cumprimento para os adxudicatarios.

| | | |
|---|---|---|
| CPV: | Lote 1: 79212000-3 -Servizos de auditoría<br>Lote 2: 79212000-3 -Servizos de auditoría<br>Lote 3: 79212000-3 -Servizos de auditoría | |
| Lotes | X SI | Son os seguintes:<br>Lote 1: "BIOCOSTEIRO - Conservación da biodiversidade en hábitats costeiros galaicoportugueses Natura 2000 para promover e lograr un desenvolvemento equilibrade e sostible das economías locais. (0141_BIOCOSTEIRO_1_E)". |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QG7Q6DXH2OQQ3GSN

| | | |
|---|---|---|
| | | Lote 2: "C2 AXENDA 2030 LOCAL - Xeración de capacidades para posibilitar a localización da axenda 2030 nos pequenos municipios rurais desde a colaboración transfronteiriza. (0020_C2_AGENDA_2030_LOCAL_6_E)".<br><br>Lote 3: "BEAP-MAR - Blue Bioeconomy in the Atlantic Area: New Products from Marine Organisms. (EAPA_0032/2022)". |
| | ☐ NON: | Xustificación: |

## 4. TRAMITACIÓN PROPOSTA*:

| | |
|---|---|
| Tramitación proposta: | ⊗ ORDINARIA ☐ URXENTE<br>No caso de tramitación urxente, motivación: |
| Tramitación anticipada: | ☐ SI ⊗ NON |
| Incluído no plan anual de contratación: | ☐ SI ⊗ NON |

## 5. FINANCIACIÓN*:

| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe total (co IVE) |
|---|---|---|
| LOTE 1: BIOCOSTEIRO | | |
| 2024 | 410.1708.227.06 Estudos e traballos técnicos (Biocosteiro) ou na súa vinculación xurídica. | 738,71 € |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QG7Q6DXH2OQQ3GSN

| | | |
|---|---|---|
| 2025 | 410.1708.227.06 Estudos e traballos técnicos (Biocosteiro) ou na súa vinculación xurídica. | 1.477,41 € |
| 2026 | 410.1708.227.06 Estudos e traballos técnicos (Biocosteiro) ou na súa vinculación xurídica. | 1.477,41 € |
| LOTE 2: C2 AGENDA 2030 | | |
| 2024 | 942.9434.227.06 Estudos e traballos técnicos (C2 AXENDA 2030 LOCAL) ou na súa vinculación xurídica. Proxecto de gasto 2300004. | 1.477,41 € |
| 2025 | 942.9434.227.06 Estudos e traballos técnicos (C2 AXENDA 2030 LOCAL) ou na súa vinculación xurídica. Proxecto de gasto 2300004. | 1.477,41 € |
| LOTE 3: BEAP MAR | | |
| 2024 | 413.4194.227.06 Estudos e traballos técnicos (BEAP MAR) ou na súa vinculación xurídica. | 738,71 € |
| 2025 | 413.4194.227.06 Estudos e traballos técnicos (BEAP MAR) ou na súa vinculación xurídica. | 1.477,41 € |
| 2026 | 413.4194.227.06 Estudos e traballos técnicos (BEAP MAR) ou na súa vinculación xurídica. | 1.477,41 € |
| Respecto dos exercicios seguintes realizarase con cargo as aplicacións indicadas, ao ter xerado o crédito polos importes da subvención concedida e as achegas propias da Deputación de Pontevedra, tendo abertas as aplicacións orzamentarias e conceptos que son necesarios para a xestión destes proxectos europeos. Se ben, quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nos respectivos orzamentos. | | |

## 6. PRAZO DE EXECUCIÓN/DURACIÓN*:

| | |
|---|---|
| Prazo de execución/duración do contrato: | A duración do contrato vai asociada a execución dos proxectos; BIOCOSTEIRO, C2 AXENDA 2030 LOCAL e BEAP-MAR e ata a última verificación do gasto dos mesmos, estimándose un período de 28 meses desde a formalización do contrato e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2026. |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QG7Q6DXH2OQQ3GSN

| | |
|---|---|
| | Proponse como modificación a incorporar que no suposto de que a Autoridade de Xestión do Programa de Cooperación Interreg VI-A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027 conceda prórrogas, no marco do Programa de Cooperación Interreg VI-A España – Portugal do proxecto Biocosteiro (0141_BIOCOSTEIRO_1_E) e/ou C2 AXENDA 2030 LOCAL (0020_C2_AGENDA_2030_LOCAL_6_E) e a Autoridade de Xestión do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027 no proxecto BEAP MAR (EAPA_0032/2022), presentada pola Deputación de Pontevedra, ampliándose a data límite prevista para a execución do contrato ata un máximo da metade do prazo de execución do proxecto de maior duración que son 18 meses adicionais.<br><br>A presente modificación non supón unha modificación do importe do contrato senón unha ampliación no prazo de execución do mesmo. |
| Posibles prórrogas nos contratos de duración: | ☐ SI ⊗ NON<br>Número de prórrogas: 0<br>Duración de cada prórroga: Sen prórrogas |

## 7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:

XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS*

O orzamento base de licitación establecido para esta contratación fíxase na cantidade máxima de 8.547,00 € máis o 21% correspondente ao IVE aplicable sendo a cantidade de 1.794,87 €, que fan un total de 10.341,87 €, que en todo caso incluirá por conta da persoa adxudicataria a totalidade de gastos e tributos obrigatorios e demais custos necesarios sinalados no prego para dar cumprimento ao obxecto do contrato, que se adecúa aos prezos do mercado.

O cálculo destes prezos foi fixado axustándose aos prezos de mercado para este tipo de servicios, no contrato prevense un máximo de verificacións polo que os orzamentos base de licitación para os lotes son os seguintes :

| Lote 1: Biocosteiro (0141_BIOCOSTEIRO_1_E) | |
|---|---|
| Unidades | 5 |
| Prezo unitario | 610,50 € |
| Valor estimado | 3.052,50 € |
| IVE (21%) | 641,03 € |
| Orzamento Base de licitación con IVE | 3.693,53 € |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QG7Q6DXH2OQQ3GSN

| Lote 2: C2 AXENDA 2030 LOCAL (0020_C2_AGENDA_2030_LOCAL_6_E) | |
|---|---|
| Unidades | 4 |
| Prezo unitario | 610,50 € |
| Valor estimado | 2.442,00 € |
| IVE (21%) | 512,82 € |
| Orzamento Base de licitación con IVE | 2.954,82 € |

| Lote 3: BEAP MAR (EAPA_0032/2022) | |
|---|---|
| Unidades | 5 |
| Prezo unitario | 610,50 € |
| Valor estimado | 3.052,50 € |
| IVE (21%) | 641,03 € |
| Orzamento Base de licitación con IVE | 3.693,53 € |

A estimación do prezo realizouse en canto aos custos salariais en base aos salarios establecidos no convenio colectivo de aplicación (XVIII convenio colectivo estatal de empresas de consultaría, tecnoloxías da información e estudos de mercado e da opinión pública, cod. de convenio nº 99001355011983), que se consideran como importes mínimos, e incrementados en base a prezos de mercado de traballos de características similares, segundo outras licitacións realizadas. O prezo determinouse por prezos unitarios resultando o seguinte para unha validación de gastos:

| | Nº horas estimadas | Custo por hora | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Persoa auditora (1 persoa) | 11 | 50,00 € | 550,00 € |
| Custos Directos | | | 550,00 € |
| Gastos xerais (5%) | | | 27,50 € |
| Beneficio industrial (6%) | | | 33,00 € |
| Orzamento Base de licitación (sen IVE) | | | 610,50 € |
| IVE (21%) | | | 128,21 € |
| Orzamento Base de licitación (con IVE) | | | 738,71 € |

Atendendo ao acordo en materia salarial do citado Convenio os custos salariais estimados en función do persoal mínimo esixido son os seguintes:



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QG7Q6DXH2OQQ3GSN

| Persoal estimado | Nivel salarial estimado | Salario anual ano 2024 estimado(1) | Custo a cargo da empresa (2) | Salario Bruto anual estimado | Salario hora estimado sobre o salario bruto (3) | Nº de persoas |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Persoal consultor | Area 4 Grupo B Nivel I | 28.959,34 € | 8.991,88€ | 37.951,22€ | 21,08 € | 1 |
| (1) Convenio colectivo estatal de empresas de consultaría, tecnoloxías da información e estudos de mercado e da opinión pública, táboa salarial dende o 1 de xaneiro de 2024.<br>(2) Os custos a cargo da empresa supoñen un 31,05% so salario anual, que se corresponden con 23,60% de continxencias comúns, 1,35% de continxencias profesionais, 5,50% de desemprego ao tipo xeral, 0,20% FOGASA e 0,60% de formación profesional.<br>(3) A xornada máxima estímase en 1.800 horas anuais segundo o Convenio. | | | | | | |

Así mesmo, as ofertas realizaranse tendo en conta que se trata de proxectos singulares diferenciados. A eventual anulación de calquera proxecto para un exercicio determinado implicará a redución do prezo contratado, polo importe que corresponda.

## 8. RÉXIMEN DE PAGOS*:

Os pagos á empresa adxudicataria realizaranse contra a presentación das correspondentes facturas, previa conformidade polo respectivo servizo, polo que o pago realizarase fraccionado en función dos servizos e traballos prestados.

O orzamento indicado é máximo, así como o importe de adxudicación resultante, polo que a cantidade final destinada a sufragar as prestacións obxecto do contrato estará condicionada ás distintas prestacións realizadas derivadas das necesidades reais de Deputación de Pontevedra, sen que quede obrigada a esgotar o citado orzamento e/o importe de adxudicación resultante.

## 9. CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTAS*:

| | |
|---|---|
| ☐ Obras (arts. 25 e 26 RD 1098/2001) | Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría_____ |
| | ☐ SI : Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría_____ |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QG7Q6DXH2OQQ3GSN

| | |
|---|---|
| ☐ Servizos (arts. 37 e 38 RD 1098/2001) | ☐ NON: O código CPV propio do obxecto do contrato non ten correspondencia con ningún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, segundo o Anexo II do RD 1098/2001. |
| X Non procede | (Outros contratos ou para o caso de tramitación por procedemento aberto simplificado abreviado) |

| 10. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE , SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA*: | |
|---|---|
| Habilitación empresarial ou profesional específica | X SI : Especificación e explicación:<br>Estar inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC), ben individualmente ou como socio dunha entidade auditora a que pertenza, de conformidade co establecido no artigo 8 Lei 22/2015, do 20 de xullo, de Auditoría de Contas. |
| | ☐ NON |
| SOLVENCIA ECONÓMICO-FINANCEIRA | |
| ☐ O aplicable en defecto de previsión | |
| ☐ Outros | Determinación: |
| | Xustificación: |
| X Non procede | (Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado) |
| SOLVENCIA TÉCNICA | |
| ☐ O aplicable en defecto de previsión | |
| ☐ Outros | Determinación: |
| | Xustificación: |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QG7Q6DXH2OQQ3GSN

| | |
|---|---|
| X Non procede | (Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado) |

| COMPROMISO DE MEDIOS |
|---|
| |

| 11. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN: | |
|---|---|
| Criterio: | Prezo ofertado |
| Xustificación: | No procedemento de adxudicación utilizarase un so criterio fundamentado en que, si ben non é a regra xeral establecida pola LCSP establecido no art. 131, polas características e natureza do obxecto do contrato, non é susceptible de ser mellorada por outras solución técnicas ou por redución no seu prazo de execución.<br><br>Segundo a fórmula que determine o órgano de contratación.<br>Prezos unitarios: |

| Tipoloxía de Servicio | Importe unitario máximo sen IVE | Importe unitario máximo ofertado sen IVE(A) | Unidades máximas (B) | Importe máximo ofertado sen IVE(A+B) |
|---|---|---|---|---|
| Lote 1: Biocosteiro | 610,50 € | | 5 | |
| | | | IVE (21%) | |
| | | | Importe Total ofertado con IVE | |

| Tipoloxía de Servicio | Importe unitario máximo sen IVE | Importe unitario máximo ofertado sen IVE(A) | Unidades máximas (B) | Importe máximo ofertado sen IVE(A+B) |
|---|---|---|---|---|
| Lote 2: C2 Agenda 2030 | 610,50 € | | 4 | |
| IVE (21%) | | | | |
| Importe Total ofertado con IVE | | | | |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QG7Q6DXH2OQQ3GSN

| Tipoloxía de Servicio | Importe unitario máximo sen IVE | Importe unitario máximo ofertado sen IVE(A) | Unidades máximas (B) | Importe máximo ofertado sen IVE(A+B) |
|---|---|---|---|---|
| Lote 3: Beap Mar | 610,50 € | | 5 | |
| IVE (21%) | | | | |
| Importe Total ofertado con IVE | | | | |

Quedando desestimadas todas aquelas proposicións que superen o presuposto base de licitación do contrato sinalado na cláusula sétima.

## 12. DETERMINACIÓN DO VALOR ANORMAL CON PLURALIDADE DE CRITERIOS:

Para a identificación dunha oferta como anormal no seu conxunto terase en conta, a parte do prezo, estes criterios que teñen transcendencia económica:

A rellenar...

Determinarase como umbral de temeridade aqueles que obteñan unha puntuación superior ao ___% do total, e a baixa da oferta económica sexa superior ao __% do prezo base de licitación.

## 13. ESTRUTURA E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA OFERTA:

## 14. PENALIZACIÓNS:

O aplicable en defecto de previsións

## 15. OUTRAS CLAÚSULAS:

FINANCIAMENTO:
75% FONDOS FEDER



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QG7Q6DXH2OQQ3GSN

Considerando. - O establecido no artigo 73 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), e en cumprimento dos principios establecidos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá determinarse con precisión a necesidade que pretende cubrirse, así coma a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacelas.

Considerando. - Que por Resolución Presidencial de 8 de agosto de 2023 (RP2023006250) modificada por outra de 15 de marzo de 2024 e 6 de maio de 2024 (RP2024002205 e RP2024003709, respectivamente), de concreción de atribucións específicas delegáronse o inicio dos expedientes de contratación para obras, servizos e subministracións nas súas respectivas áreas

Dispoño,

Primeiro.-Iniciar o expediente para a Contratación do servizo de auditoría externa do controlador de primeiro nivel dos proxectos BIOCOSTEIRO (0141_BIOCOSTEIRO_1_E ) e C2 AXENDA 2030 LOCAL (0020_C2_AGENDA_2030_LOCAL_6_E) do Programa de Cooperación Transfronteiriza España – Portugal (POCTEP) 2021-2027 e BEAP-MAR (EAPA_0032/2022), do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027, por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas.

Segundo.- Remitir ao servizo de contratación a seguinte documentación para que se prepare o pertinente expediente e elévese ao órgano de contratación para a súa aprobación.

- Prego de Prescricións Técnicas.
- Certificado de existencia de crédito.

Asinado electronicamente ao marxe.



Firmado por: MARÍA DEL CARMEN SALINERO CORRAL - ***2067**
Cargo: Xefa do servizo de Estación Fitopatolóxica de Areeiro
Data: 06/06/2024 21:18
Firmado por: MARÍA CONCEPCIÓN LÓPEZ PAZ - ***9158**
Cargo: Xefa do servizo de Medio Ambiente
Data: 06/06/2024 15:22
Firmado por: MARINA PIÑEIRO NOVO - ***3068**
Cargo: Xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios
Data: 06/06/2024 14:34
Firmado por: SUSANA FERNÁNDEZ LÓPEZ - ***7044**
Cargo: Directora de proxectos europeos
Data: 06/06/2024 14:05
Firmado por: JAVIER TOURÍS ROMERO - ***6441**
Cargo: Deputado delegado
Data: 10/06/2024 19:35
Firmado por: MARCOS GUISASOLA PADÍN - ***1584**
Cargo: Deputado delegado
Data: 10/06/2024 19:28
Firmado por: MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ - ***9585**
Cargo: Deputada delegada
Data: 10/06/2024 15:27
Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QG7Q6DXH2OQQ3GSN